

Entrevista

Xosé Neira Vilas. Escritor e académico

Ana ACUÑA

Esta conversa desenvolveuse no fogar de don Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928) onde, quen asina e Anxos Sobriño, fomos xenerosamente acollidas unha tarde do mes de xullo de 2013. Era a segunda vez, a primeira da man de don Xesús Alonso Montero, que entramos nese lugar da memoria onde cada obxecto (libros, cadros, fotografías...) desvela unha historia vivida na emigración.

—**Ana Acuña: Falábanos antes, coa gravadora apagada, da escola dos avós. Como foi a escola da súa nenez?**

—**Xosé Neira Vilas:** Na miña época entraban os nenos na escola con sete anos e saían con catorce. Eu cando fun á escola tiña a vantaxe de que o meu avó, que era músico, foi o meu mestre. Alfabetizoume. El, enfermo do corazón, estaba sempre ao pé da lareira; ensinoume as primeiras letras e ensinoume solfexo, pois quería que eu fose músico.

O ensino compoñíase de tres enciclopediañas: grao preparatorio, grao medio e grao superior. Ao grao superior non chegaba ningún rapaz; ao grao medio algúns. En trescentas páxinas estaba historia, xeografía, aritmética, gramática... Todo o saber estaba nesas enciclopedias. Saíamos da escola sabendo ben pouco.

Eu empecei a escola durante a República, pero xa un ano despois comezou a guerra. Na escola podíamos preguntarlle á mestra en galego, e podía ser que ela contestase en castelán (ela era dunha aldea de aquí de cerca). Usabamos o galego e o castelán, as dúas linguas sen ningún problema. Pero chegou un día que nos dixo, porque lle ordenaron a ela, “en adelante todo en castellano dentro y fuera de la escuela”.

Nós dentro da escola admitíámolo, pero fóra, non. Tanto é así que ela ía camiñando como un quilómetro e as nenas acompañábana e collían floríñas na beira do camiño para a señora mestra, e deixaron de acompañala porque a aquelas nenas dáballes vergonza que pola aldea adiante as escoitasen falando castelán.



Xosé Neira Vilas (foto Ana Acuña)

Os máis dos rapaces ían á escola cando chovía porque cando non chovía tiñan que traballar.

A escola compoñíase de dúas ringleiras de pupitres, unha para nenos e outra para nenas, un corredor ancho polo medio, e no fondo un pupitre que era para castigar os faladores. Nunha ocasión estaba eu na primeira fila cun compañeiro e falabamos moito, falaba el, pero a mestra entendeu mal e castigoume a min. Entón escribín unha notiña: “Alfredo, parece mentira, resulta que ti eras o que falaba, non era eu. É moi inxusto, isto non está ben...”. Fixen unha

boliña e tireilla a Alfredo pero colleuma a mestra polo camiño. Cando a leu dixo “Así que fui injusta, ¿no? ¡Y encima en gallego!”. Con nove anos, pois, xa fun reprimido por escribir en gallego, pero non valeu de nada porque levo toda a vida facéndoo.

Así era aquela pobre escola. Menos mal que eu antes de rematar a escola primaria estudaba un curso de contabilidade por correspondencia que me permitiu, con dezaseis anos, traballar de contable nun aserradeiro que había na aldea.

Pero non me conformaba con aquilo. Eu quería seguir estudando e conseguir traballo, calquera traballo, nunha cidade. Fixen xestións en Santiago, na Coruña, e ata en Madrid pero non atopaba ocupación para poder traballar polo día e estudar pola noite e ter libros, que aquí non tiña. Como non o conseguín, con dezanove anos decidín emigrar e con vinte collín o barco.

—A. A.: Por que emigrou a Arxentina? Tiña contactos?

—X. N. V.: Pois si tiña un familiar alí, primo de meu pai. Arxentina era onde había mellores condicións de traballo, ademais o país tiña recursos pois exportaba trigo e carne conxelada á Europa desfeita pola guerra.

Para ir a Arxentina había que ter un familiar que te reclamase e que se comprometese a que, se nun ano non te poñías a traballar, pagase a pasaxe de regreso. Algúns non podían emigrar a Arxentina porque non tiñan ese familiar e emigraban a Brasil, onde a entrada era libre; logo pasaban como turistas a Arxentina e quedaban alí. Cada ano e pico había un indulto para os indocumentados, porque facía falta man de obra, e todo se resolvía.

—A. A.: Que recordos garda da viaxe en barco?

—X. N. V.: A min collíame o servizo militar e non atopaba praza nos barcos. Saían de Vigo repletos de xente. Entón díxome o da axencia que me tramitou os papeis que a única forma era que viaxase en avión ou primeira clase.

Crucei toda España, fun a Cádiz e collín o barco en primeira clase, o *Cabo de Buena Esperanza*. Meu pai buscou por onde puido ata a última peseta e viaxei cos ricos, cos turistas,

cos ociosos... E coñecín todo o que era a mediocridade e o ocio dos millonarios. Baixaba con frecuencia ás bodegas onde estaban os da miña verdadeira clase.

—A. A.: Impactoulle a cidade de acollida, Buenos Aires?

—X. N. V.: Moito. Primeiro eu ía dunha aldea e pasei, coma quen di, da aldea ao barco. Entre tantos que emigraban, contaba cun pouquiño máis de instrución, lera bastante e tiña un emprego de oficina. Con todo, era un rapaz de aldea, sen viaxar máis que a Santiago algunha vez. A enorme capital porteña claro que me chocou.

Aqueles emigrantes, campesiños —que chegan ás grandes cidades como podía ser Buenos Aires, A Habana ou Montevideo— tiñan que aprender cousas elementalísimas: cruzar unha rúa, por exemplo, falar por teléfono, andar nun ascensor, e, sobre todo, tiñan que proletarizarse, aprender o traballo encadeado e con horarios. E aprender os modismos locais do castelán.

Para min a emigración foi fundamental porque en Buenos Aires descubrín Galicia, a súa significación histórica, a transcendencia da súa lingua e moitas outras cousas en canto ao meu país. Logo, dende pequeno, tiña unha inclinación moi definida en canto á escrita, pois colaboraba (en gallego, por suposto) en todos os semanarios e revistas da colectividade galega da Arxentina con poesías, artigos, contos, de todo. Firmábao, naturalmente e aí empezo a tomar en serio a miña vocación. E aos dez anos publico o meu primeiro libro, *Dende lonxe* (un libro de versos) e en 1961, con once anos de residencia e trinta e un de idade, publico *Memorias dun neno labrego*. Nese tempo xa rematara a carreira de xornalismo.

—A. A.: Que persoa o introduciu no mundo intelectual de Buenos Aires?

—X. N. V.: Como me incorporei ao mundo cultural? Moi simple. Eu ía á biblioteca do Centro Galego, unha biblioteca moi grande, porque quería ler, gustábame moito ler xa de neno. Alí había un emigrante de Betanzos que pertencera á Asociación Nacionalista Pondal, Lois Ares. Presentoume outros mozos emigrantes. E logo tamén fun coñecendo a Blanco Amor, a Luís

Seoane, a Lorenzo Varela, a Emilio Pita, a Antón Alonso Ríos... xente da cultura e da loita galeguista. Alí nace a idea das Mocidades Galeguistas.

—**A. A.: Cando se fundan as Mocidades Galeguistas?**

—**X. N. V.:** En 1953, catro anos despois de chegar á Arxentina fundamos as Mocidades Galeguistas da que eu era secretario xeral. Levabamos a cabo unha acción galeguizadora moi importante entre propios e alleos, entre os nosos e tamén proxectados cara ao mundo cultural arxentino.

—**A. A.: Que facían, á parte de estudar o Sempre en Galiza os sábados?**

—**X. N. V.:** Dabamos clase de idioma galego. Tiñamos á nosa disposición as diferentes sociedades que nos vían con simpatía, reunímonos sobre todo no Centro Ourensán ou no Betanzos.

Tiñamos un compañeiro que ensinaba bailes populares galegos, outro daba clase de lingua galega. Aos que ingresaban, os arxentinos fillos de galegos, esixíámoslles saber falar galego e coñecer o Himno Galego. Se non sabían, ensinabámoslles e despois entraban. En América respéctanse moito os símbolos.

Era unha asociación xuvenil integrada por mozos e mozas galegos e tamén arxentinos de ascendencia galega. Constituíuse o 28 de agosto de 1953, no Centro Ourensán. Viña sendo algo así como a rama xuvenil da Irmandade Galega, creada por Castelao que, á súa vez, equivalía ao Partido Galeguista no exilio. Na inauguración falou o exdeputado Antón Alonso Ríos, secretario do Consello de Galiza.

Era unha organización patriótica e cultural. Creamos o periódico *Adiante*, obviamente escrito en galego, do que saíron varios números.

Patrocinabamos ciclos de conferencias nas que tomaron parte, entre outros, Ramón de Valenzuela, Emilio Pita, Rodolfo Prada, Ramón Suárez Picallo... Sempre referidas a temas históricos, literarios, etc. de Galicia ou personalidades como Rosalía, Castelao, Bóveda.

Ademais dos centros mencionados, ás veces tamén nos reuniamos no Coruñés e no de Corcubión. Nunhas dez asociacións tiñamos

instalados uns taboleiros para anunciar as nosas actividades. Tal era o noso fervor como membros de Mocidades que —nos respectivos centros de traballo, nos medios universitarios, etc.— divulgabamos os valores da nosa cultura e a transcendencia histórica de Galicia. Sen fanatismos, sen exclusións, con respecto sempre para os demais pobos e culturas. No noso periódico, por exemplo, falabamos do colonialismo en África, da loita de Alxeria, da expansión imperialista...

—**A. A.: Como xurdiu GALEUZCA?**

—**X. N. V.:** As Mocidades Galeguistas uníronse ás xuventudes de Acción Vasca e ao Grup Juventut Catalana e reactivamos GALEUZCA. Faciamos diversos actos conxuntos, sobre todo nas instalacións das sociedades galegas e algunhas veces en entidades arxentinas. Consistían en discursos nos que se explicaban os dereitos de cada unha das tres nacionalidades históricas e logo actuaban coros, grupos musicais, de danzas, etc. galegos, vascos e cataláns. Os programas imprimíanse nos tres idiomas; eu ocupábame da redacción e da impresión. En todo, os galegos tiñamos máis peso, máis presenza nestas actividades, o que se explica porque tiñamos unha colectividade máis numerosa e contabamos, en xeral, con máis recursos.

—**A. A.: Tiñan algunha recepción entre os arxentinos?**

—**X. N. V.:** Pois si, os galegos eramos os que estabamos máis presentes. Por exemplo, logramos que o 25 de Xullo, Día de Galicia, a prensa arxentina nos dedicase saúdos en lingua galega na primeira páxina; e, para os actos nos que o Centro Galego proclamaba os premios literarios e musicais, ademais de ofrecer un concerto sinfónico e un espectáculo de canto e danza, prestábons o Teatro Colón, un dos grandes coliseos de América e do mundo. Só se lles prestaba aos galegos e a ningunha outra colectividade emigrante.

Galicia era tema constante na prensa e na radio arxentinas (a televisión apenas comezaba). O invitado do Centro Galego de cada ano ofrecía conferencias sobre temas galegos en centros culturais arxentinos. Entre outros, por alí pasaron Otero Pedrayo, Fernández del Riego, García Sabell, Martínez Risco, Xosé María Álvarez Blázquez...

—**A. A.: Pode falarnos da editora e distribuidora “Follas Novas”, creada en estreita colaboración con dona Anisia?**

—**X. N. V.:** Casei con Anisia Miranda (cubana, filla de galegos), tras facer xuntos a carreira de xornalismo, en febreiro de 1957 e o 15 de xullo dese ano fundamos “Follas Novas”, con sede no noso propio fogar. A idea viñámola agarrando dende había tempo.

Teríamos que estendernos en demasía para explicar todo o noso labor. Esta entidade, como editorial era modesta. Publicou uns oito ou nove libros, entre eles un de Anisia e outro meu, de poesía, en 1960, e o meu *Memorias dun neno labrego*, en 1961. A nosa acción era principalmente a distribución do libro galego en toda América. Eramos os dous sós e levabamos a cabo un traballo titánico. Concentrabamos todo canto se publicaba sobre Galicia en calquera parte do mundo, faciamos catálogos, enviabámoslos ás asociacións galegas, aos exiliados, ás universidades... de todo o continente, dende Chile a Canadá. Fixemos tres exposicións do libro galego en Buenos Aires, Montevideo e Caracas. Comentabamos libros galegos na radio arxentina, no programa *Mirador bibliográfico galego*. Fixemos unha mostra do xornalismo galego na Arxentina e unha homenaxe a Otero Pedrayo, na que participaron Suárez Picallo, Rafael Dieste, Ramón de Valenzuela e outras personalidades. Tiñamos unhas vitrinas en oito sociedades nas que se expoñían os libros que iamos recibindo.

Estas actividades eran patrióticas, non comerciais. Escribiuno Luís Seoane: “Neira e Anisia trataban de vender o invendible: libros. Perdendo cartos e recuperando vontades para Galicia”. Así era, pois do 20 ou 30% que nos deixaba a venda destinabamos libros equivalentes a ese valor, cada dous meses, á Biblioteca Nacional para que Galicia estivese representada e a dúas ou tres asociacións xuvenís para que tivesen as súas propias bibliotecas galegas. Entre os proxectos que non chegamos a realizar estaba a publicación da revista mensual *Letras Galegas*, que se ofreceu a financiar Xesús Canabal, director do Banco de Galicia en Montevideo.

—**A. A.: Follas Novas merece un estudo?**

—**X. N. V.:** Pois talvez si; ademais do dito, conservo un libro de visitas no que aparecen textos manuscritos de figuras como Otero Pedrayo,

María Casares, Rafael Dieste, Suárez Picallo e outras personalidades.

Un día propuxémoslles a mozos e mozas arxentinos que viñan ás nosas tertulias dos sábados que creasen unha Asociación Arxentina de Fillos de Galegos. Isto era o 10 de outubro de 1959. Creouse unha comisión e quedou constituída en pouco tempo.

Organizaron cursos de lingua galega, publicaban a revista *Alén Mar*, mantiñan vínculos con asociacións similares de Estados Unidos, Brasil, etc. E os universitarios que ían de vacacións de campamento á Patagonia levaban escrito nas carpas o nome de autores galegos e títulos dalgunhas obras. Unha delegación da entidade veu a Galicia e mantivo encontros con intelectuais galegos en Vigo e Santiago.

Ademais da concurrencia dos mozos galegos e arxentinos ás nosas reunións dos sábados (para falar de Galicia, comentar os últimos libros que iamos recibindo, etc.) teñen asistido personalidades como Laxeiro, Marcos de Abeleda, Emilio Pita, Arturo Cuadrado, Xosé Conde, Xosé Ruibal, Ricardo Flores e outros.

—**A. A.: Cal era a situación dos emigrados e dos exiliados en Arxentina?**

—**X. N. V.:** Nun libro que publicou a profesora arxentina Nora Longhini, *Neira Vilas na Arxentina*, falo de todo iso. Os obxectivos era os mesmos: eran republicanos e galeguistas. Pero dentro diso había matices. Os vellos emigrantes querían ter máis ou menos o monopolio do galeguismo, e os exiliados dábanlle unha nova tónica. Alí estaban Luís Seoane, cunha visión do mundo moi moderna, e tamén Lorenzo Varela e Rafael Dieste, por poñer uns mínimos exemplos. Ás veces tiñan discrepancias tácticas, de procedemento, pero no fondo mantiñan todos os mesmos obxectivos: a liberación de Galicia, a liberación de España. Niso non había diferenzas profundas entre eles.

—**A. A.: O Congreso da Emigración Galega en 1956 foi relevante?**

—**X. N. V.:** Foi moi importante. Eu fun o secretario da Comisión Organizadora e dende xaneiro ata xullo de 1956 traballamos intensamente. A sede da Comisión estaba no Centro Ourenán.

Asistiron delegacións de toda América, sobre todo exiliados: Francisco Comesaña de México; Pepe Velo Mosquera dende Venezuela; desde Uruguai, Xesús Canabal e Luís Tobío; Ramón Suárez Picallo dende Chile; Emilio González López, dende Nova York. Recibíronse de Galicia relatorios de Otero Pedrayo, Del Riego, etc. Publicouse un libro referido ao Congreso, que foi reeditado hai algúns anos con motivo do seu cincuentenario, polo Consello da Cultura.

Aquel Congreso foi moi definitorio en moitos sentidos. Marcou unha serie de cousas, incluíndo os temas xurídicos da emigración en varios países.

Ademais de exercer como secretario da Comisión Organizadora, eu participei como relator (presentei un traballo sobre a necesidade de que os vellos dirixintes das sociedades lle desen cabida á mocidade, á xente nova). E participei lendo un “Brinde” na clausura do Congreso; un poema composto en oitavas reais seguindo o mesmo molde que utilizara Pondal no Banquete de Conxo. Nós faciamos o Congreso para celebrar o centenario daquel Banquete (Pondal e Aguirre, tras do que alí dixeron, case van deportados ás Illas Virxes; despois perdoáronlles). Finalmente o Congreso pechouse cun gran banquete que se levou a cabo nas amplas instalacións do Centro Lucense en Olivos, nas aforas de Buenos Aires. Asistiron unhas 3 000 persoas.

—**A. A.: Cando anos máis tarde volveu a Arxentina, como a encontrou?**

—**X. N. V.:** Volvín trinta e sete anos despois, en 1998. Anisia e eu fomos convidados polas sociedades de alí polo Día das Letras Galegas.

Encontreina moi cambiada. Primeiramente non había a vitalidade galeguista de antes porque a xente morrera e moitos exiliados regresaran (Seoane, Valenzuela...). Quedaban os fillos que, simbolicamente, ían sostendo aquilo pero moi debilitado e debilitado o país tamén. Buenos Aires fora unha cidade case europea, como París ou Viena, e pasara a ser co tempo unha cidade verdadeiramente de América Latina...

Eu vivira naquela cidade doce anos (entre 1949 e 1961) na época de ouro da colectividade galega, época de ouro tamén da abundancia arxentina. Marchei nun bo momento e marchei para ir a Cuba.

—**A. A.: Logo preguntáramoslle por Cuba, agora gustaríanos saber se mantén contacto con alguén da Arxentina.**

—**X. N. V.:** Manteño contacto sobre todo con Nora Longhini, a profesora que publicou dous libros sobre a miña obra: *Buenos Aires na obra de Neira Vilas* en Ediciós do Castro e *Neira na Arxentina* en Galaxia. Tamén cunha antropóloga amiga dende hai moitos anos; cun médico que naceu nos Ancares, que viaxou polo mundo enteiro e é autor de moitos libros, e segue consultando con 94 anos; e co presidente da sociedade que agrupa os emigrantes do meu concello.

—**A. A.: Que supuxo coñecer a Anisia?**

—**X. N. V.:** Anisia foi a miña compañeira durante cincuenta e dous anos. A Anisia coñeceu —é curioso— durante unha conferencia sobre Rosalía de Castro que pronuncia no Centro Ourenán Ramón Suárez Picallo. Os pais nunca lle falaran en galego pero ela escribía e falaba galego perfectamente. En Galicia fomos a ducias de escolas e sempre falou en galego cos nenos, cos mestres, con todos. Os seus libros están orixinalmente en castelán, traducíunos ao galego e están publicados en Galicia. Algún deles, como *Pardela amiga*, escribiuno directamente na nosa lingua.

Tiñamos a mesma vocación; era unha rapaza moi sensible, cunha vocación literaria moi definida. O noso encontro foi moi definitorio, tanto é que estudamos xuntos a carreira de periodismo e logo vincúlase inmediatamente á colectividade galega, ás Mocidades Galeguistas, a toda esa actividade. En Follas Novas leva o peso, igual ca min, de todo aquilo; participou na homenaxe a Otero Pedrayo, nas exposicións que fixemos do libro galego e nos comentarios bibliográficos que se transmitían por radio.

En xuño de 1961 marchamos para Cuba. Ela volvía á súa patria e eu encontraríame con aquela terra por primeira vez. Eu iría igual, aínda que non coñecese a Anisia.

—**A. A.: Por que Cuba? Que o impulsaba?**

—**X. N. V.:** Movíame que era unha causa xusta, unha auténtica revolución, cun gran prestixio.

Alá polo ano 1959, a loita cubana –o Movemento 26 de Xullo– tiña unha forma de propaganda moi curiosa que era colocar a bandeira do Movemento, negra e vermella, nos edificios máis altos (na Torre Eiffel, na Torre de Londres, en Lima, en México e noutros lugares). E colocaron unha no edificio Kavanagh de Buenos Aires que era entón o máis alto da cidade.

Un día chegou á nosa casa o delegado do Comité 26 de Xullo na Arxentina cun brazo de tea. “Fai esta bandeira”, dixo, e Anisia fixo unha bandeira de vinte e cinco metros de longo. Este amigo chamou á prensa e deulle esa noticia. Certo que a policía sacou a bandeira en vinte minutos, pero xa estaban as fotos na prensa e saía publicado.

Vendiamos bonos do Movemento. Os galegos adheríamnos sempre a todo acto que se facía alí sobre Cuba (a orixe galega de Fidel esperaba certa simpatía) e eles tamén asistían aos nosos actos patrióticos de afirmación galega.

—**A. A.: A partida para Cuba foi moi meditada?**

—**X. N. V.:** Por suposto. Para nós foi unha ruptura dolorosa ao deixar tantos amigos e unha vida encamiñada, con traballo, cun labor galeguista moi interesante, con Follas Novas...

Era unha aventura, íamos a un mundo incerto. Era unha loita moi bonita, moi romántica pero incerta. E nós deixamos todo, incluíndo os mellores amigos. Co tempo uns volveron a Galicia e outros morreron.

Nunca me arrepinto de emigrar a Arxentina, nin de trasladarme a Cuba. Non me arrepinto, repito. En ambos casos foi un acerto.

—**A. A.: Como foron os primeiros contactos cos galegos en Cuba?**

—**X. N. V.:** Cos galegos nada, os que quedaban eran moi vellos. A emigración rematara nos anos trinta. Tanto é así que cando eu quero crear un centro cultural galego non o creo en ningún dos tantos locais que ían quedando xa baldeiros porque as sociedades extingúanse. Por iso creo un centro cultural galego nunha institución estatal cubana: no Instituto de Literatura e Lingüística, un dos institutos humanísticos da Academia de Ciencias. Creo unha Sección Galega co apoio do director, que me ofrece facilidades

que nun organismo estatal de Arxentina nunca conseguiría. En Cuba si porque había unha gran curiosidade por saber dos ancestros, un desexo colectivo e hai un nivel cultural moi alto.

Un exemplo: a primeira edición cubana de *Memorias dun neno labrego* foi de 70 mil exemplares e aos seis meses fixeron outros 55 mil. A revista *Zunzún*, para nenos, que eu dirixín durante sete anos, tiña unha tirada mensual de 250 mil exemplares. Do *Quixote* fíxose unha edición de 100 mil.

Hai tres anos, cando se celebrou a Feira Internacional do Libro da Habana dedicada a Galicia e á que asistiron as editoriais galegas, en dous días vendéronse 7 mil libros. Os compradores eran cubanos, pois case non quedan alí galegos.

Cuba foi para min un gran achado, unha gran experiencia. A miña etapa formativa foi Buenos Aires, e a miña toma de conciencia de Galicia. Agora ben, a etapa da miña visión do mundo, dun novo horizonte e un horizonte con proxección universal e solidaria, iso naceu en Cuba. Entrei a formar parte dunha sociedade que me axudou ao meu modo de ver a historia, de ver o mundo.

—**A. A.: En Cuba dedicouse só á cultura ou tamén a outros labores?**

—**X. N. V.:** Sabendo que me dedicaba a escribir, o meu amigo Santiago Riera (viceministro de Industrias co Che que estivera exiliado en Buenos Aires) propúxome traballar na prensa, na radio, na televisión, na Editorial Nacional... O que preferise. E eu respondílle que nada diso me interesaba. Tiña presente o consello de Blanco Amor que me dixeran: “Nunca profesionalices a túa vocación. Gaña a vida no que sexa, pero reserva a escrita para o que che guste, en galego, en castelán, como sexa”.

Riera comprendeu e engadiu: “El Che me acaba de nombrar a mí director de la empresa automotriz; si quieres, puedes trabajar conmigo”. Fun con el de xefe do departamento de intercambio, que comprendía as seccións de abastecementos de materia prima, de venda de produtos, e xurídica. Tiña uns catorce ou quince subordinados. O meu nomeamento foi asinado polo Che. Alí estiven aprendendo como se facían baterías, líquido de freos, filtros de aceite... En fin, todo o problema automotriz e de

accesorios. Metinme niso para non escribir profesionalmente e cumprir o consello de Blanco Amor.

Soamente “violei” –por dicilo así– ese consello nos últimos sete anos, cando pasei a dirixir *Zunzún*. Pero iso é outra cousa, era dirixir unha revista infantil e ata ao propio Eduardo lle gustaría que o fixese. Era delicioso, unha revista para nenos con tanta demanda, con tantos nenos que nos escribían miles de cartas. Tanto é que, para poñernos en función de servir á poboación, contratamos unha psicóloga con dúas axudantes para contestar a abondosa correspondencia dos nenos, os seus problemas íntimos, familiares, escolares, problemas de todo tipo que nos formulaban os rapaces, nenos e nenas de toda Cuba. Estiven aí durante sete anos ata que me xubilei no ano 1989.

Anisia creara esta revista (as seccións, o contido) porque estaba moi metida no mundo infantil; viña escribindo para nenos. Ata a creación de *Zunzún* foi xefa de redacción do semanario *Pionero*. Cando levaba tres anos no cargo de xefa de redacción de *Zunzún*, un día díxolle ao director: “Deseo seguir como redactora en la revista, pero sin las responsabilidades de la dirección”. E ela seguiu de redactora xunto con outras tres ou catro rapazas máis. Cada redactora tiña que facer un traballo, ao mellor de un folio e medio para un mes, pero con frecuencia esixíamoslle que o repetise tres ou catro veces. Eramos moi rigorosos niso. Tamén lle pediamos que se coordinase co debuxante para que, dende o comezo, estivesen acordes debuxo e texto. Entre 1980 e 1990 foi, sen dúbida, a mellor revista en castelán de todo o ámbito hispánico.

—A. A.: Cal e como foi a relación cos galegos do resto de América e cos cubanos?

—X. N. V.: A partir do Primeiro Congreso da Emigración Galega (como dixemos, celebrado en Buenos Aires en 1956) e de Follas Novas, dende 1957, a miña relación cos galegos de América, coas asociacións e cos exiliados foi a máis. Mantiña correspondencia, por exemplo, con Luís Soto e Carlos Velo, aos que tratei persoalmente en México varios días en 1961; con Emilio González López, que vivía en Nova York; con Celso Emilio Ferreiro, cando estaba en Caracas e despois en Madrid; con Paco

Comesaña; e con outros moitos radicados en Chile, Uruguai, Canadá, etc.

A relación cos cubanos foi moi boa, en todo momento. Porque os cubanos son modestos, cordiais, con moito afán por saber, por superarse, e sempre solidarios.

—A. A.: Estaban preocupados pola revolución en Cuba?

—X. N. V.: Máis que preocupación, o que sentiamos era afán por colaborar para que un proxecto tan fermoso, verdadeiramente exemplar para toda América Latina, fose adiante. Eu participaba en todo: na administración, na actividade sindical, nos chamados círculos de estudo. Ademais, vestía uniforme das Milicias Populares e tomaba parte nas súas actividades; tamén asistía aos traballos voluntarios, no campo e na industria. Todo isto inseríase nos programas básicos da revolución en marcha. Pero cadra que esta emoción colectiva e esta incorporación colectiva a todas as tarefas eran protagonizadas por un pobo dinámico, alegre, fraterno e cun sentido profundo da solidariedade.

En Cuba, dende hai moitos anos, hai un nivel cultural moi elevado. Vese no sistema educacional, dende a infancia ata a universidade. Todos estudan, todos queren superarse e as medidas establecidas posibilitan ese estudo. Por exemplo, os libros son gratuítos en todos os niveis; non se paga matrícula na universidade; todo aquel que estea traballando e asistindo a algunha facultade traballa media xornada e cobra o salario íntegro (e cando remata a carreira ten un aumento automático do salario, inda que a súa carreira non teña relación ningunha con traballo que realiza).

—A. A.: Mantén a mesma percepción da revolución cubana a pesar dos anos?

—X. N. V.: Si, a mesma emoción, máis racional, máis de pensamento... Nos primeiros anos era sobre todo emotiva. Pero antes e agora, no meu caso, coa mesma adhesión. Podería mencionar unha serie de datos, de cifras que a xustifican (como por exemplo as cifras de mortalidade infantil, a porcentaxe de médicos e de educadores por habitante, etc.), pero resultaría demasiado tediosa tal enumeración.

—A. A.: Cales eran as actividades galegas no Instituto de Literatura e Lingüística?

—X. N. V.: Eu traballaba no Ministerio de Industria Básica, que estaba a 50 metros do Instituto de Literatura e Lingüística, e ía dúas horas tódolos días ao Instituto. Os meus xefes no Ministerio sabían e permitíanme que fose porque ía colaborar con outro organismo do país. Pero, claro, o meu traballo no Ministerio estaba rigorosamente ao día. Polo tanto ía alí dúas horas e fixen isto durante vinte e dous anos, sen cobrar nada.

Algunhas actividades durante aqueles anos foron: catalogación das publicacións periódicas galegas de Cuba e elaboración dos índices de cada unha delas (había máis de setenta); exposicións sobre Castelao, Seoane, Centenario do semanario *El Eco de Galicia*; conferencias sobre “A lingua galega en Cuba”, “O asociacionismo dos emigrantes galegos”, “Rosalía de Castro e os cubanos”, “Presenza de Castelao en Cuba durante a Guerra Civil”, etc. Xestionamos a colocación de placas no edificio onde estiveira *El Eco de Galicia* (decano da prensa galega de Cuba e de América) e no teatro onde se cantou por primeira vez o Himno Galego, do que conmemoramos o seu 75 aniversario; tamén lle fixemos unha homenaxe galega ao Che no quinto aniversario da súa morte, cunha exposición de poemas e debuxos de autores galegos, etc.

Por outra parte, durante dous cursos, ditei clases de Lingua e Literatura Galegas no Instituto de Idiomas Abraham Lincoln, etc., etc. Todo isto, con máis detalle, aparece no meu libro en prensa *Días de Cuba*.

—A. A.: **Por que deciden retornar a Galicia?**

—X. N. V.: Nós estábamos xubilados. No ano 1989 xubileime e Anisia xubilouse un ano despois. Eu doara a miña casa natal coa condición de que a reconstruísen e creasen nela unha biblioteca pública. A Xunta designou o arquitecto César Portela, restaurouse esta vella casa campesiña do século XVIII, e ademais construíuse un edificio anexo (de granito) para a nosa vivenda e para unha sala de actos. E a Consellería de Cultura propuxo crear unha Fundación co meu nome para que, cando Anisia e eu non estivésemos, este servizo cultural á comarca puidese continuar.

—A. A.: **Considera que ten varias patrias?**

—X. N. V.: Hai dous anos o Consejo de Estado de Cuba outorgoume a Medalla Alejo Carpentier, que me foi entregada no paraninfo da Universidade de Santiago polo Cónsul General de Cuba. Falaron el, o Reitor e no meu discurso dixen que Cuba non era a miña segunda patria senón a miña patria paralela.

Arxentina foi para min moi importante. Alí formeime, desenvolvín a miña vocación, sobre todo no ámbito galego, alí descubrín Galicia, a súa significación histórica, a singularidade da súa lingua e aprendín a vivir nunha gran cidade, co que iso supón de bo e de malo. Os meus doce anos de Buenos Aires pesan moito sobre min como home deste mundo e deste tempo, pero moito máis pesan os trinta e un que vivín na Habana, sobre todo porque non tardei en formar parte daquel pobo e porque todos tiñamos por diante a tarefa de consolidar un novo sistema social, moito máis xusto.

A Cuba asumina como unha verdadeira patria. Vivín alí tres décadas que me deron unha nova dimensión do ser humano e da desigual sociedade en que vive o planeta. E, finalmente, Galicia, a miña patria de orixe, que o seguiu sendo durante os corenta e tres anos que pasei fóra e que recuperei. E aquí sigo durante o tempo que me quede de vida. Rilke dicía que a patria do home é a súa infancia, de modo que a miña patria esencial, fundamental, é Galicia.

—A. A.: **Como estudoso da emigración galega, que temas cómpre investigar ou recuperar?**

—X. N. V.: Eu publiquei un libro sobre o Himno Galego, nado en Cuba, outro sobre a lingua galega na illa. E nesa liña habería que facer un estudo sobre a lingua galega na Arxentina, por exemplo; habería que publicar un libro sobre a prensa galega tamén na Arxentina, onde hai cincuenta anos fixemos unha exposición.

Eu escribía novelas e contos pero, cando chego a Cuba e vexo a dimensión da emigración galega alí, suspendo por anos a actividade literaria de ficción e dedícome a investigar. Era un deber. Cavilei que por alí non ía pasar ningún investigador galego nin se ía enviar a ninguén dende Galicia, pois eran tan variados os campos para estudar que requiría anos de traballo.

Anos que eu dediquei en solitario a esa tarefa. Desa longa etapa saírían libros como *Castelao en Cuba*, *Rosalía de Castro e Cuba*, *A prensa galega de Cuba*, *Galegos no golfo de México*, *Manuel Murguía e os galegos da Habana*, etc. Estimo que deben facerse investigacións similares noutros países e, de entrada, poñía como exemplo a Arxentina pero tamén están México, Uruguai, Venezuela... Dende logo os países de máis peso da nosa diáspora foron Cuba e Arxentina.

Está case todo por facer. Hai que estudar a presenza da nosa lingua, os costumes, as artes de pesca, etc. De Alberto Vilanova publicouse –en Buenos Aires– *Los gallegos en la Argentina*, libro interesante pero que non abarca ningún campo especificamente, é unha referencia de nomes.

—A. A.: **Pensou en redactar as memorias? Sabemos das de Cuba, pero está rexistrada a memoria do resto da súa actividade?**

—X. N. V.: As de Arxentina están no libro de Nora Longhini *Neira Vilas na Arxentina*, publicado pola editorial Galaxia. Ela recolle ducias de contos que eu publiquei na prensa de Buenos Aires e engadiu unha extensa entrevista que me fixo e que ocupa á beira de oitenta páxinas. Aí aparece todo o meu facer en Buenos Aires: traballos, estudos, activismo galeguista, creación de institucións, etc.

O de Cuba está contado por min nun libro que se vai publicar en Galaxia (*Días de Cuba*). Agora teño *Aquel neno*, que abarca moito da autobiografía da miña infancia. Memoria é tamén o contido do meu libro *Penúltimo dietario* que vai desde o ano 1992, en que nos radicamos en Galicia, ata a morte de Anisia en 2009. Hai outros traballos dispersos nos que falo da miña vida, tanto nos anos que estiven fóra como da miña actividade na Galicia territorial. E continuo. Escribo sobre toda a miña actividade cultural, literaria, etc., nunha carpeta que se titula *Dietario derradeiro*.

—A. A.: **Cando sentiu a súa vocación de escritor? Aos nove anos?**

—X. N. V.: Como dixen, con nove anos foi a primeira vez que me reprimiron por escribir en galego na escola. Pero a miña vocación vén desde sempre. Vocación literaria e vocación

lingüística, pois nas catro décadas que estiven emigrado escribín diversos libros única e exclusivamente en lingua galega.

Na miña adolescencia e mocidade escribía de todo, incluíndo letras para cancións no entroido, adaptacións de textos dramáticos para o grupo teatral que creamos na miña aldea, e moitas cousas máis. Escribía moito e unicamente na miña lingua natal. Mais non me tomaba “en serio”. Isto empezou a ocorrer cando chego a Buenos Aires e comezo a colaborar na prensa galega daquela cidade. Asinaba os traballos e así foise definindo a miña vocación polas letras de xeito máis orgánico. E dez anos despois do meu arribo á capital arxentina publico o primeiro libro, un poemario que titulei *Dende lonxe*. En 1961 dou a coñecer *Memorias dun neno labrego*.

—A. A.: **En que xénero se sente máis cómodo?**

—X. N. V.: Na narración, e dentro da narración gústame máis o conto que a novela. O conto é un xénero que está preto da lírica, que non debe ter nin unha palabra de máis, que non debe ter digresións, senón ir directamente a un final concreto, a un só tema por vez.

En Europa, en xeral, os autores de contos que escriben son máis ou menos novelas recordadas. Eu formeime neste xénero lendo moito os autores latinoamericanos (brasileiros, cubanos, uruguaios, arxentinos e algún mexicano). Isto ocorre así porque durante moitos anos en América Latina case non había editoriais e en cambio había revistas literarias. Un conto debía ser atractivo, novidoso e limitado a unha mínima extensión. Esta é a razón pola que nos países mencionados avanzou tanto este xénero.

Tamén escribín novelas, aínda que as miñas novelas están, dalgunha maneira, influídas polos mesmos principios que utilizo no conto.

—A. A.: **Cada xénero ten unha época? A época de Cuba foi o momento da tradución?**

—X. N. V.: Eu traducín *La Edad de Oro*, de José Martí; *Trintenove poemas*, de Nicolás Guillén; *Xornal de prisión*, de Ho Chi Minh; *Contos vellos para rapaces novos*, de tradición oral; *A Historia absolveráme*, de Fidel Castro; *O camiño de Santiago*, de Alejo Carpentier e *Mitos e lendas da vella Grecia*, de Anisia Miranda.

Ademais, traducín do galego ao castelán poemas de Novoneyra, os *Seis poemas gallegos* de García Lorca e os meus libros para editar en Cuba: *Memorias de un niño campesino*, *Aquellos años de Moncho*, *Gallegos en el Golfo de México*, *Querido Tomás*, *Camino nebuloso* e *Los días cubanos de Alfonso Castelao*.

—**A. A.:** **A vostede búscano os temas, as persoas e os acontecementos?**

—**X. N. V.:** Si, hai cousas que veñen ao meu paso, pero, en realidade, ás veces aparecen sen querer, sen dar-me conta. Eu escribín neste ano un libro de versos para nenos que se van converter en canción, vinte e dous poemas e, a partir de aí, pensei no libro *Aquel neno*. Xa viña pensando, había anos, en escribir unha serie de breves referencias sobre como era un neno campesiño dos anos trinta e corenta. Un libro deume a idea do outro.

—**A. A.:** **Que está escribindo agora?**

—**X. N. V.:** Agora mesmo acabo de terminar *Aquel neno* e teño algunhas ideas. Ademais estou adiantando algo os artigos de prensa, corrixindo probas de dous ou tres libros en proceso e atendendo algunhas cousas administrativas relacionadas coa Fundación. Tamén saio bastante para pregoar algunha Feira do Libro, ofrecer algunha conferencia, inaugurar a exposición itinerante “Querido Balbino”, tomar parte nalguna mesa redonda...

—**A. A.:** **Utiliza o ordenador?**

—**X. N. V.:** Aínda non. Aínda non tiver tempo para dedicarlle á aprendizaxe das chamadas “novas tecnoloxías”. Polo de agora escribo nunha maquinaña Olivetti portátil. Os textos son pasados ao ordenador

—**A. A.:** **Que lecturas o marcaron ao longo da vida?**

—**X. N. V.:** Desde o punto de vista da miña formación galeguista, marcoume *Sempre en Galiza* de Castelao. Despois marcáronme moitos libros, moitas lecturas. Con todo, teño moi definido que aqueles seminarios ou encontros que faciamos os sábados nas Mocidades para estudar cada capítulo do libro de Daniel –ao que chegamos a chamarlle “a *Biblia* do galeguismo”– foi decisivo. Aí puidemos coñecer algúns

problemas da República, os problemas da guerra, os problemas históricos de Galicia. Por outra parte, Castelao expón moi ben, ten unha prosa moi clara e moi definida. Iso axudoume moito.

Axudáronme autores, por exemplo, como Albert Camus, Frank Kafka, Sartre, Joyce, etc. Axudoume a lectura das obras de Tolstoi, de Otero Pedrayo –entre os nosos– e moitos máis. Pero, en relación co conto como xénero, bebín na obra dos autores latinoamericanos.

—**A. A.:** **Cales son os libros e os autores que relé?**

—**X. N. V.:** Releo algúns, dado que conto cun fondo moi amplo para poder escoller (a miña biblioteca persoal e a ben nutrida biblioteca da Fundación). Non hai moito lin de novo *La montaña mágica* de Thomas Mann, estiven lendo a Herman Hesse e sempre é interesante, por exemplo, ler a José Martí, e tamén os grandes autores europeos e norteamericanos.

Hai moitos autores que me gustan e que volvo ler. Por exemplo Borges, Cortázar, García Márquez, Benedetti. A Cortázar trateino na Habana; dicíame que lle gustaba máis o conto que a novela, pero vivía en Europa (era tradutor da UNESCO), onde o que importaba era a novela e por iso escribiu *Los premios* e *Rayuela*.

—**A. A.:** **Tense definido o seu estilo como próximo ao de Castelao, concorda?**

—**X. N. V.:** Non sei, non creo tanto niso. Unicamente que sexa próximo a Castelao porque el tiña unha prosa clara, ás veces de oracións breves, e cun afán de comunicar coas palabras precisas; unha prosa no posible didáctica, co afán de comunicar, non soamente escribir por escribir... Castelao era un home moi práctico e moi directo en *Sempre en Galiza* e incluso en *Os dous de sempre*. Gústame a prosa, o ritmo e a musicalidade da boa prosa. Por iso no que escribo pode haber semellanzas cos meus autores preferidos. Gústame a claridade, a brevidade na oración, o propósito de dicir cousas que teñan substancia, e que se digan con beleza.

—**A. A.:** **Como valora a teatralización das *Memorias dun neno labrego*?**

—**X. N. V.:** Estaba algo temeroso Cándido Pazó de que non me gustase a versión que fixo

no seu monólogo. A min gústame moito, non só a versión teatral, senón a súa actuación.

Esta novela teatralizouse en moitos institutos e colexios de Galicia, tamén a televisión italiana dramatizou tres capítulos. O máis bonito foi que en México, en Yucatán, a un galego que andando o tempo sería un bo amigo meu –Ramón Sierra, de San Cibrao das Viñas (Ourense)– encargáronlle unha adaptación teatral da miña novela e representouse durante sete meses nas principais comunidades campesiñas dos tres estados desa península. Tanto lles gustou que pediron repetir unha temporada ao ano seguinte coa mesma obra. Os actores, que eran todos de alí, representaron a mesma obra, pero en lingua maia.

Cándido Pazó leva feito case cen representacións de *Memorias dun neno labrego* en Galicia. Ademais representouna en Buenos Aires, no teatro Valle-Inclán; en dous teatros de Río de Xaneiro; en Basilea (Suíza) e tamén en Montevideo (Uruguai). Esperamos que vaia tamén a Madrid e a Barcelona.

—A. A.: Dado que *Madrygal* é unha revista editada en Madrid, interésannos os seus recordos desta cidade.

—X. N. V.: Meu irmán Xesús viviu máis de trinta anos en Madrid, casou cunha madrileña –Mary Yagüe– e a súa única filla tamén é madrileña –María Xesús (a quen chamamos Chus)– pero fala galego, escribe en galego e é a que me acompaña dende que morreu Anisia a distintas actividades culturais. Dende hai algúns anos residen os tres en Galicia.

Eu teño parado en Madrid, na casa deles do Barrio do Pilar, moitas veces. Ademais tamén nos aloxabamos nun piso de Díaz Pardo, na rúa Ponzano, en Cuatro Caminos. En Madrid detiñámonos, sobre todo, nas viaxes de ida e regreso de Cuba.

Alí presentei unha edición das *Memorias*, na galería Sargadelos da rúa Zurbano. Recordo que me presentou o poeta Lorenzo Varela e que asistiron Celso Emilio Ferreiro, Ben-Cho-Shey, Ramón de Valenzuela, Fariña Jamardo, Concha



Sabino Torres Ferrer, Xosé Neira Vilas e Xesús Alonso Montero (foto Ana Acuña)

Castroviejo e Laxeiro. Fomos en coche dende Galicia con Isaac e Mimina, a súa muller, para ese acto. Teño estado na Casa de Galicia e na embaixada de Cuba. Tamén estivemos varias veces no Museo do Prado e na redacción das revistas *Triunfo*, *El Urogallo* e *Cuadernos para el diálogo*, todas desaparecidas.

Recordo unha vez, unha das últimas viaxes á Habana, que chegamos a Barajas e había que esperar máis do previsto. Preguntámoslle a un taxista canto nos cobraba por un percorrido de dúas ou tres horas por Madrid, axustamos con el, que coñecía ben a cidade, e percorrémola (parques, avenidas, edificios importantes...). É unha fermosa cidade e moi acolledora.

—**A. A.: A emigración galega hoxe presenta unha problemática distinta á do seu tempo?**

—**X. N. V.:** É distinta completamente porque na miña época emigraban maioritariamente campesiños semianalfabetos e hoxe emigra xente cualificada. Polo tanto, custoulle máis ao Estado. Ao Estado custáballe sempre porque conseguir un mozo de vinte anos, traballador, con desexos de superarse, san (porque se non está san xa non o deixan entrar e ten que pasar probas médicas)... Entón ao outro día de chegar xa produce, canto máis un licenciado, enxeñeiro, arquitecto. E todo iso é perda para o país. Pero, por outra parte, cada un ten dereito a gañar a vida onde poida.

—**A. A.: Que significa para vostede a Fundación Neira Vilas co seu museo, cos premios de literatura...?**

—**X. N. V.:** Significa moito. A nosa Fundación non é máis que a continuación dun activismo galeguista que empecei en Buenos Aires, continúei en Cuba e rematarei aquí. Isto non é máis que seguir con ese ese activismo cultural en Galicia.

Temos na biblioteca 8 700 volumes, repartidos nunha sala de lectura para nenos e outra para adultos; contamos cun museo etnográfico con máis de 400 pezas e dispoñemos dunha sala de exposicións e concertos. Por outra parte, convocamos en anos alternos o premio Arume de poesía e o premio Estornela de teatro, nos que participan autores que escriben para nenos e nenas. Este é o que único centro cultural do seu tipo que hai en toda a Galicia rural. Alegrámonos de ofrecer un servizo cultural aos habitantes desta comarca do val do Ulla. Pero tamén quixéramos que houbera moitos máis ao longo e ao ancho de toda Galicia.

Como dixen antes, o noso propósito non era crear unha Fundación. Foi unha proposta da Consellería de Cultura para que este labor continúe cando eu non estea, para que estas actividades poidan continuar. Espero e desexo ferventemente que así sexa.

—**A. A.: Que así sexa. Moitísimas grazas polo seu tempo durante a gravación e a revisión desta entrevista.**